

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Tesourería e Recadación

Período de ingreso en voluntaria do Imposto sobre Bens Inmóbles, exercicio 2026

ANUNCIO

Por resolución do Concelleiro da Área de Economía e Planificación Estratéxica, de data 9 de febreiro de 2026, estableceuse entre o **5 de maio e o 14 de setembro de 2026**, o período de ingreso en voluntaria do seguinte tributo:

Imposto sobre Bens Inmóbles, exercicio 2026.

Durante o devandito prazo os obrigados ó pagamento poderán satisfacer as súas débedas a través de:

- Bancos e Caixas de Aforros, que teñan o carácter de Entidade Colaboradora, no seu horario de apertura ó público, nos caixeiros automáticos ou a través da banca electrónica das mesmas accesible aos seus clientes.
- Na Caixa Municipal sita na r./ Franxa, 20, de 8:00 a 14:00 horas, agás sábados e festivos.
- A través de internet, con ou sen certificado dixital, a través da pasarela de pago dispoñible ao efecto ou dende a sede electrónica do Concello.
- Xiro postal nas oficinas de Correos (esta última modalidade implica o pago da tarifa vixente).

Advertenza importante.- Débito por domiciliacións:

En aplicación do Real Decreto-Lei 19/2018, de 23 de novembro, de servizos de pago e outras medidas urxentes en materia financeira, e do artigo 95.5 da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipal do Concello da Coruña, publicada no BOP nº 233 de 3 de decembro de 2024, o cargo na conta do importe dos recibos domiciliados farase o día **7 de xullo de 2026**.

ENTIDADES COLABORADORAS:

- BANCO SANTANDER, SA
- BANCO DE SABADELL, SA
- CAIXABANK, SA
- ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA
- BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, SA

Transcorrido o período de cobramento en voluntaria sinalado, sen que se satisfixeran as débedas, iniciarase o procedemento de constrinximento de conformidade co disposto no artigo 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo e artigo 96 e seguintes da citada da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público municipal do Concello da Coruña, coas recargas previstas no artigo 28 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, custas e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

A non recepción do documento de cobro no domicilio non exonera da obriga do pagamento, nin impide o emprego da vía de constrinximento.

Recórdase que para anos sucesivos poderá acollerse, previa petición, ao plan de pago personalizado, que permite pagar as débedas ata en 6 prazos e cun desconto do 3% nos impostos do IBI e IVTM.

A Coruña, 30 de abril de 2026.

Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas